

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 6 de novembro de 2015 pola que se convocan axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2015/16.

Mediante a Orde do 25 de agosto de 2015, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 166, do 1 de setembro, convocáronse as axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2015/16.

Agora, mediante a presente orde, apróbbase unha segunda convocatoria de axudas para adquirir material escolar destinada ao alumnado que non puidese acollerse ás axudas reguladas pola Orde do 25 de agosto de 2015, e a aquel que, tendo solicitada a axuda, resultase excluído por unha causa emendable.

O texto da presente orde mantén un paralelismo case total co da Orde do 25 de agosto de 2015, para facilitarlles ás familias a realización dos trámites necesarios e aos centros docentes a xestión das axudas.

En exercicio das competencias atribuídas no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 18 de xaneiro),

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto da convocatoria e procedemento*

1. O obxecto desta orde é convocar axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2015/16, que non puidese acollerse ás axudas reguladas pola Orde do 25 de agosto de 2015, e a aquel que, tendo solicitada a dita axuda, resultase excluído por unha causa emendable.

2. Esta convocatoria tramitarase polo procedemento establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que polo obxecto e



finalidade da subvención non será necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

Artigo 2. *Requisitos*

1. Para ser beneficiario desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial nun centro sostido con fondos públicos durante o curso escolar 2015/16, cando se atope nos supostos indicados no artigo 1.1 desta orde.

b) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros.

2. Non poderá solicitar novamente esta axuda o alumnado que se acollese ás axudas para a adquisición de material escolar reguladas pola Orde do 25 de agosto de 2015 e reunise os requisitos establecidos nela, por ser válida a anterior solicitude.

Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado. Presentarase unha solicitude por cada alumno ou alumna matriculados, de xeito que, se un solicitante ten varios fillos ou fillas matriculados nas ensinanzas obxecto da convocatoria, xa sexa no mesmo ou en distinto centro, deberá presentar unha solicitude para cada un deles.

2. As solicitudes (anexo I) deberán presentarse en soporte papel, preferentemente no centro en que estea matriculado o alumno ou alumna, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>.

3. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.



Artigo 4. *Solicitudes e documentación*

1. Os formularios de solicitude poderán obterse na guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.es>, nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e tamén se poderán descargar en formato PDF do portal educativo no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>.

Unha vez cuberta a solicitude deberá presentarse, xunto coa documentación, segundo se indica no artigo 3 desta orde, debidamente asinada polo pai, a nai, o titor/a do alumno. Todo isto sen prexuízo da sinatura por parte do resto dos membros da unidade familiar que obteñan ingresos, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.

A aplicación informática para a xestión das axudas tamén permitirá a xeración da solicitude unha vez introducidos os datos polo centro.

2. Se a solicitude se presenta no centro docente onde está matriculado o alumno, presentárase orixinal e copia da documentación, co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais. En caso de que a presentación non se faga no centro, deberá presentarse orixinal ou copia debidamente compulsada.

3. As persoas solicitantes que resultaron excluídas na anterior convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar por algunha causa emendable, ademais da solicitude, só terán que achegar a documentación necesaria para emendar a deficiencia.

Nos demais casos, a documentación que hai que achegar xunto á solicitude será a seguinte:

a) Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, cando non autoricen a consulta telemática.

b) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables da unidade familiar.

Só no caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, o día 31 de decembro de 2013, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.



2º. Certificado ou volante de convivencia.

3º. Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar.

c) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2013 ou, na falta desta, o certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante, cando non autoricen a consulta telemática.

d) No caso de discapacidade igual ou superior ao 33 % dalgún dos membros da unidade familiar, incluído/a o/a alumno/a, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia en 31 de decembro de 2013:

1º. Certificado emitido polo órgano competente.

2º. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de percepción de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou

3º. Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

e) No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.

3. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

4. O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

5. Os centros docentes prestarán asesoramento ás persoas interesadas para que cubran as solicitudes de xeito correcto en todas as súas epígrafes e acheguen a documentación requirida por esta orde.

6. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Artigo 5. *Contía das axudas*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria concederá unha axuda por importe de 50 euros por alumno/a que reúna os requisitos previstos nesta orde, cando a renda per cápita familiar no ano 2013 sexa igual ou inferior a 5.400 euros.

No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que reúnan os requisitos para ser causantes destas axudas, percibirase a contía que corresponda por cada un deles, segundo o establecido nesta convocatoria.

Os menores que se encontren en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia non terán que acreditar os datos da unidade familiar nin o nivel de renda.

Artigo 6. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes



registros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 7. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: sxcentros@edu.xunta.es.

Artigo 8. *Renda per cápita familiar*

1. Enténdese por renda per cápita a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.

2. Para os efectos do cálculo da renda per cápita da unidade familiar, computarán por dous os membros da familia, incluído/a o/a alumno/a, que figuren na solicitude e teñan recoñecida en 31 de decembro de 2013 unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para os efectos do cálculo da renda per cápita nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor.

3. Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar o 31 de decembro de 2013 e o exercicio fiscal 2013. Non se terán en conta os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data.

4. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2013, para os efectos do cálculo da



renda familiar sumarán os recadros 366 (base imponible xeral) e 374 (base imponible do aforro) da declaración.

No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio 2013.

5. No caso das solicitudes de axudas nos cursos incluídos nesta orde, coa sinatura da solicitude, a persoa solicitante declara, baixo a súa responsabilidade, que reúne o requisito de ingresos da unidade familiar que fai constar, e queda sometida ao réxime de infraccións e sancións a que se refire a disposición adicional segunda desta orde.

Ademais, coa sinatura da solicitude, a persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade que se encontra ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

6. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Artigo 9. *Determinación da unidade familiar*

1. Para os efectos previstos nesta orde, e con referencia á situación familiar o 31 de decembro de 2013, considérase que conforman a unidade familiar:

a) Os pais non separados legalmente e, se for o caso, o titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.

b) Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos/das emancipados/as.

c) Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

d) Os fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles, e que reúnan os requisitos



do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente volante ou certificado de convivencia.

3. No caso de falecemento dalgún dos proxenitores que convivan co causante, acreditarase a circunstancia mediante un certificado de defunción.

4. Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

5. No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os dous proxenitores inclúense dentro do cómputo da renda familiar.

6. En casos especiais en que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido no punto 1 deste artigo, deberá achegarse volante ou certificado de convivencia en que figure o/a alumno/a para o que se solicita a axuda e todos os familiares que convivan con el ou ela, ou certificado dos servizos sociais do concello que o acredite.

7. Para os menores que se encontren en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, a solicitude deberá ser formulada polo director ou directora do centro de menores correspondente ou, de ser o caso, pola familia en que estea acollido.

Artigo 10. *Tramitación das solicitudes e xeración do vale*

1. Unha vez recibidas as solicitudes, o centro deberá introducir a información na aplicación informática de xestión das axudas (Axudaslibros) recuperando a información dos datos asociados ao DNI/NIE da persoa solicitante no sistema XADE, información que deberá revisarse e completarse cos datos indicados na solicitude presentada.

Só no caso de que non se recupere a información de XADE se poderá iniciar unha solicitude nova en branco e cubrir todos os datos indicados pola persoa solicitante. En todo caso, o centro que tramite a solicitude deberá completar toda a información requirida polo sistema segundo os datos indicados e comprobar que a documentación estea completa.

A data máxima para gravar as solicitudes na aplicación informática será o 24 de novembro de 2015 (este incluído).

2. Unha vez que as solicitudes coas autorizacións de acceso de forma telemática ou, de ser o caso, a documentación, estean introducidas na aplicación informática, o centro edu-



cativo, se están correctamente cubertas e acompañadas pola documentación preceptiva, procederá a validalas. En caso contrario, quedarán en situación pendente de emendar e a persoa interesada poderá emendalas de acordo co artigo 11 desta orde antes do día 26 de novembro de 2015.

3. A continuación, a aplicación informática comprobará a renda das solicitudes validadas e, se esta é igual ou inferior a 5.400 €, permitirá xerar un vale cun código único, segundo o modelo establecido como anexo II a esta orde, que será selado e asinado polo director ou directora do centro e entregado á persoa solicitante. Só se poderá entregar un vale por cada alumno ou alumna e nunca antes da formalización da matrícula no curso correspondente.

A data máxima para xerar o vale para a adquisición de material escolar será o 26 de novembro de 2015 (este incluído).

O centro deberá levar un sistema de control dos vales entregados, de xeito que, en todo momento poida efectuarse calquera comprobación ao respecto, especialmente a data de entrega á persoa interesada.

O centro nunca expedirá un novo vale no caso de que este sexa extraviado polo solicitante ou pola librería.

O sistema gardará constancia da xeración do vale, indicando a data de xeración e marcando a solicitude como reserva de concesión.

No suposto de que o persoal do centro despois de entregar un vale observe algún erro, deberá poñerse en contacto coa persoa solicitante para requirirlle a súa devolución. Unha vez recuperado, procederá a dar de baixa a solicitude, o que supón a anulación do vale, e a necesidade de cubrir unha nova para xerar outro vale cos datos correctos. En todo caso, a data límite para realizar estes cambios é o 26 de novembro de 2015.

4. As solicitudes que non se puidesen validar por falta de emenda das deficiencias, así como as presentadas fóra de prazo e as que superasen o límite de renda fixado nesta convocatoria, quedarán excluídas.

5. As solicitudes, así como a totalidade da documentación presentada, deberán quedar debidamente arquivadas no centro, á disposición das comprobacións que poidan realizarse segundo se indica no artigo 18 desta orde.



A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos será o órgano competente para a instrución do procedemento e a emisión da proposta de resolución, e corresponde á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ditar a resolución de concesión.

Transcorrido o prazo de tres meses desde o día seguinte ao da presentación da solicitude sen que o centro poña á disposición da persoa solicitante o correspondente vale, esta poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, de conformidade co artigo 43.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para os efectos de interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da citada lei, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6. Os centros concertados que actúen como entidades colaboradoras na xestión das axudas terán que cubrir e asinar un anexo III e enviálo á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos antes de iniciar a tramitación das solicitudes, e quedarán suxeitos ao establecido nesta orde.

Artigo 11. *Emenda de solicitudes, documentación e vales*

As persoas solicitantes poderán emendar deficiencias na solicitude e/ou na documentación achegadas ou, de ser o caso, solicitar no centro a emenda dos erros detectados nos vales entregados, en ambos os casos antes do 26 de novembro de 2015 (este incluído).

Artigo 12. *Adquisición do material escolar*

1. Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale, poderá adquirir material escolar no correspondente establecemento, á súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento.

As persoas beneficiarias do vale para a adquisición de material escolar poderán usalo no correspondente establecemento ata o día 30 de novembro de 2015 (este incluído).

Se o importe do material escolar adquirido é inferior ao valor do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para tal efecto a contía exacta da



venda; se o importe é superior ao valor do vale, a diferenza será aboada polo solicitante. A consellería non asume máis que o importe consignado no vale.

O establecemento receptor dos vales non poderá, en ningún caso, requirir á persoa que lle anticipe o importe do vale, nin que lle entregue o vale antes da recepción do material escolar.

O solicitante nunca deberá asinar e entregar o vale antes da recepción do material escolar. A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade co material escolar entregado, así como, se for o caso, co importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto.

Unha vez entregado o material escolar, o establecemento quedará en posesión do correspondente vale.

2. Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

3. A admisión por parte dos establecementos dos vales presentados implica a aceptación das condicións da orde.

Artigo 13. *Presentación dos talóns de cargo*

1. Co obxecto de axilizar a tramitación, antes da presentación dos talóns de cargo, os establecementos en que se venda o material escolar e que non o fixesen con anterioridade deberán comunicar os seus datos, enviando o anexo IV debidamente cuberto en todas as súas epígrafes, ao enderezo que figura no seu pé. Os establecementos que figuren rexistrados para a xestión das axudas de libros de texto ou de material escolar reguladas na Orde do 25 de agosto de 2015 non terán que validar este trámite.

Para acreditar os datos de identidade, os titulares das librarías poderán prestar o seu consentimento para a comprobación por medio de acceso telemático ao Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e, para tal fin, marcar o recadro correspondente do anexo IV ou, en caso contrario, terán que presentar copia do correspondente documento.

2. Os establecementos, unha vez entregada a totalidade do material escolar, incluírán no talón de cargo única e exclusivamente o importe por vales de material escolar, en ningún caso mesturarán no mesmo talón de cargo estes importes cos procedentes de vales para a adquisición de libros de texto.



Os talóns de cargo dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da súa provincia.

Os enderezos das xefaturas territoriais de cada provincia son:

- Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña. Praza Luís Seoane, s/n, 15008 A Coruña.

- Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo. Rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

- Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Ourense. Rúa do Concello, 11, 32003 Ourense.

- Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra. Rúa Fernández Ladreda, 43, 7º e 8º, 36003 Pontevedra.

3. En cada talón de cargo deberán figurar, polo menos, os seguintes datos:

- O NIF ou NIE do establecemento.
- O nome do titular do establecemento (empresa/apelidos e nome).
- Os datos do establecemento (denominación comercial, enderezo completo, concello e provincia).

- A data do talón de cargo.

- O número de talón de cargo.

- A relación de todos os códigos de vale que se xunten ao talón de cargo.

- O importe total dos vales relacionados no talón de cargo.

4. Os vales para a adquisición de material escolar deben ir grampados ao talón de cargo na mesma orde en que se relacionaron.

Os vales deben ser orixinais e ter as sinaturas da persoa titular da dirección do centro, do responsable da librería e da persoa solicitante. Non se aceptan vales fotocopiados nin os que carezan dalgunha das sinaturas indicadas.



O importe do talón de cargo debe coincidir coa suma dos importes dos vales que leve grampados (debe terse en conta que, nalgún caso, o importe gastado pode ser inferior ao total do vale).

Para os efectos da tramitación, cada talón de cargo por material escolar cos seus correspondentes vales de adquisición de material escolar configura unha unidade, de tal xeito que esta non se tramitará cando exista algún problema con calquera dos vales que se xuntan ata que se proceda á súa emenda.

5. O persoal das xefaturas territoriais introducirá e validará os talóns de cargo no sistema. Se no talón de cargo se observa algún defecto de forma ou se o importe deste non coincide co dos vales que o acompañan non se poderá proceder á tramitación do pagamento, e as xefaturas territoriais requirirán o establecemento para que proceda á súa emenda.

O establecemento poderá consultar no sistema cal é o estado en que se atopan os seus talóns de cargo mediante unha clave asignada a cada librería pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Artigo 14. *Tramitación e pagamento*

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos tramitará as ordes de pagamento, nas cales se incluírán os talóns de cargo dos establecementos que subministrasen o material escolar, previamente validados por cada xefatura territorial, logo das correspondentes resolucións de concesión do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 15. *Prazos para a tramitación dos vales e para a presentación dos talóns de cargo*

As librerías poderán presentar os talóns de cargo correspondentes aos vales ata o 3 de decembro de 2015 (este incluído).

En todo caso, as xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación poderán validar os talóns de cargo correspondentes aos vales ata o 11 de decembro de 2015.

Artigo 16. *Obrigas dos beneficiarios*

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas:

a) Seguir as directrices que marca a orde de convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á adquisición de material escolar do curso académico para o que se solicitou a axuda.



b) Cooperar coa Administración educativa en cantas actividades de inspección e verificación leve a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.

c) As establecidas para os beneficiarios no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17. *Compatibilidade das axudas*

As axudas concedidas en virtude da presente orde serán compatibles con calquera outra axuda que poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

Artigo 18. *Control, aplicación e revisión das axudas*

1. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá requirirle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos consignados polos peticionarios.

2. De conformidade co disposto no punto 9 do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión das bolsas e axudas ao estudo que se conceden con base na concorrencia dunha determinada situación no perceptor ou perceptora non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos nesta orde de convocatoria.

3. Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non foi empregado na adquisición do material escolar.

Para estes efectos, os centros docentes informarán a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no caso de que detecten que algún alumno ou alumna receptor/a da axuda non dispón do material escolar correspondente.

4. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas poderán realizar, mediante os procedementos legais pertinentes, as comprobacións oportunas respecto ao



destino e aplicación das subvencións, para o cal tanto as persoas beneficiarias como os centros docentes quedan obrigados a facilitarles tanta información lles sexa requirida.

5. Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompaña será comunicada polo solicitante á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Artigo 19. *Financiamento das axudas*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financiará estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 09.60.423A.480.0, por importe total de 1.300.000 euros para o ano 2015.

Se for o caso, poderanse ampliar os importes antes citados conforme o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. *Recursos contra a convocatoria*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, conforme establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; tamén poderán interpoñer, previamente e con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 21. *Colaboración dos centros educativos na difusión e participación nesta convocatoria*

1. A dirección de cada centro educativo arbitrará as medidas necesarias para que o contido desta orde sexa coñecido por todos os sectores da comunidade educativa e entregalle unha copia ao consello escolar, ao claustro, ás ANPA e, de ser o caso, ás asociacións de alumnado.

2. O contido desta orde e a información complementaria exporase no portal educativo da consellería no seguinte enderezo: <http://www.edu.xunta.es>.



Disposición adicional primeira. *Tramitación*

As solicitudes de axudas para a adquisición de material escolar presentadas ao abeiro da Orde do 25 de agosto de 2015, que reúnan os requisitos establecidos nela, e non puideran xestionarse por esgotamento da partida orzamentaria, terán prioridade para a tramitación.

Nestes casos non será necesaria a presentación dunha solicitude nova, senón que será válida a solicitude presentada ao abeiro da convocatoria indicada.

Disposición adicional segunda. *Lexislación aplicable*

Para o non previsto nesta orde observárase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño), e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta lei.

Disposición adicional terceira. *Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan á presente orde.

Disposición derradeira primeira

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2015

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR	ED330F	SOLICITUDE

CURSO 2015/16

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 % SI NON SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO SI NON

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN DO CENTRO

TIPO DE CENTRO Público Concertado CONCELLO CÓDIGO DO CENTRO

DATOS DO/DA ALUMNO/A PARA O/A QUE SOLICITA A AXUDA

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO DATA DE NACEMENTO

ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2015/16
 Educación primaria ESO Educación especial

DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 %
 SI NON

ALUMNO TUTELADO POLA XUNTA DE GALICIA
 SI NON





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

DATOS FAMILIARES (referidos ao 31 de decembro de 2013)

Número de membros da unidade familiar distintos do/da alumno/a para o/a que se solicita a axuda e da persoa solicitante (no caso de alumnado en situación de garda ou tutela pola Xunta de Galicia deixárase en branco)

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO	DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 %
		Cónxuxe/análogo		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

* Indicaranse os datos:

- Dos/das fillos/as menores de idade a excepción do/da alumno/a para o/a cal solicita axuda e dos/das emancipados/as
- Dos/das fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados/as xuridicamente, suxeitos/as á patria potestade prorrogada ou rehabilitada
- Dos/das fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar en 31 de decembro de 2013

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos exixidos por esta e que son certos todos os datos que constan na solicitude.
2. Non ter solicitada nin recibida ningunha axuda para a mesma finalidade, ou ben, que o conxunto das axudas solicitadas e recibidas, xunto con esta, non superan o custo total do material escolar adquirido.
3. Que se encontra ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA OU EDUCACIÓN ESPECIAL

- A) Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, cando non autoricen a consulta telemática
- B) Libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar

Só no caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, en 31 de decembro de 2013, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do/da causante
- Certificado ou volante de convivencia
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar
- C) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2013 ou, na súa falta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da familia distintos da persoa solicitante, cando non autoricen a consulta telemática
- D) No caso de discapacidade igual ou superior ao 33 % dalgún dos membros da unidade familiar, incluído/a o/a alumno/a, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia en 31 de decembro de 2013:
- Certificado emitido polo órgano competente
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de percepción de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade
- E) Se é o caso, documentación acreditativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar

ALUMNADO EN TUTELA OU GARDA LEGAL DA XUNTA DE GALICIA

- Copia do DNI ou NIE, cando non autorice a consulta telemática
- Resolución acreditativa do acollemento ou certificado do centro de menores





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

Autorizo a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

AUTORIZACIÓN PARA A CONSULTA DOS DATOS DE IDENTIDADE E TRIBUTARIOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DISTINTOS DA PERSOA SOLICITANTE

Autorízase a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar:

- Os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.
- Os datos tributarios do exercicio fiscal 2013 que figuran en poder da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	PARENTESCO	AUTORIZA CONSULTA IDENTIDADE (SVDI)	AUTORIZA CONSULTA DATOS TRIBUTARIOS	SINATURA (se é menor, do pai ou da nai)
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxcentros@edu.xunta.es.


LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 6 de novembro de 2015 pola que se convocan axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2015/16.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento desta lei (DOG do 29 de xaneiro).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Centro:

CVE-DOG: an5ugz39-9qp9-zog8-znw0-mtssnckhz1h8



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

ED330F - VALE PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2015/16


 CÓDIGO DE SOLICITUDE:

A) DATOS DO CENTRO				
CÓDIGO DO CENTRO	DENOMINACIÓN DO CENTRO	CONCELLO	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
B) CERTIFICACIÓN				
<input type="text"/> director/a do centro, certifica que o/a alumno/a <input type="text"/> está matriculado en <input type="text"/> no curso escolar 2015/16 e que o seu pai/nai/titor/a presentou solicitude de axuda para a adquisición de material escolar.				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SINATURA DO/DA DIRECTOR/A E SELO DO CENTRO				
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>				
D) IMPORTE DA AXUDA				
MÁXIMO	Se o importe do material escolar é inferior ao máximo indicado, a LIBRARÍA fará constar o gasto efectuado no recadro seguinte			GASTO EFECTUADO
<input type="text"/> 50 €				<input type="text"/>
DATOS DA LIBRARÍA (para cubrir pola librería)			DECLARACIÓN DO PAI/NAI/TITOR/A*	
DENOMINACIÓN	NIF da persoa titular		NOME E APELIDOS	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	CP		PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CONCELLO	TELÉFONO		– Acepta a axuda e comprométese a cumprir as condicións establecidas na orde da convocatoria. – Recibe con cargo ao vale o material escolar polo importe indicado. – Encóntrase ao día das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social. – Só para o caso de alumnado matriculado en educación especial: <input type="checkbox"/> Autorización para a adquisición de material escolar á dirección do centro.	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		SINATURA Asdo. <input type="text"/>	
SINATURA E SELO			Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	
Asdo. <input type="text"/>			Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>				

* As persoas beneficiarias do vale para a adquisición de material escolar poderán usalo ata o día 30 de novembro de 2015, este incluído.

* A persoa receptora deste vale non poderá entregalo na librería ata que reciba a totalidade do material escolar.

* As librerías poderán presentar os talóns de cargo correspondentes aos vales ante a xefatura territorial ata o 3 de decembro de 2015, este incluído.



Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO III

**ED330F - ACEPTACIÓN DE PARTICIPACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DAS AXUDAS
PARA MATERIAL ESCOLAR CURSO 2015/16 (SÓ PARA CENTROS CONCERTADOS)**

DATOS DO CENTRO					
DENOMINACIÓN	CÓDIGO DO CENTRO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

DATOS DO/DA DIRECTOR/A DO CENTRO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ACEPTACIÓN DA PARTICIPACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DAS AXUDAS

Este centro acepta participar como entidade colaboradora da xestión da presente convocatoria de axudas e con esta sinatura asume todas as obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño), e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento desta lei (DOG do 29 de xaneiro), así como as establecidas na propia convocatoria.

SINATURA DO/DA DIRECTOR/A

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV

ED330F - COMUNICACIÓN DE ALTA DE NOVAS LIBRARÍAS

Os establecementos que figuren rexistrados para xestionar as axudas para a adquisición de libros de texto (código procedemento ED330B) ou a primeira convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar (código procedemento ED330F) non terán que validar este trámite

DATOS DA LIBRARÍA (todos os campos son obrigatorios, excepto o fax)

DENOMINACIÓN

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA PERSOA TITULAR DA LIBRARÍA

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa titular da librería no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)


SINATURA DA PERSOA TITULAR OU REPRESENTANTE DA LIBRARÍA

Lugar e data

,

de

de



Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>